



PROVIDENCIA/MEMORIA DE INICIO E INFORME DE NECESIDADE DA CONTRATACIÓN CONXUNTA DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO CONCELLO DE CURTIS

Expte: 2024/C004/000008

1. ANTECEDENTES E CONTIDO DAS PRESTACIÓNS A CONTRATAR

O Concello de Curtis no ano 2021 puxo en marcha o Servizo de Atención Temperá (SAT). Este servizo defínese no *Decreto 183/2013, polo que se crea a Rede galega de atención temperá* como o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Dende os servizos de atención temperá ofrécese unha intervención biopsicosocial que favorece a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia e familiar e da inclusión social.

Dito servizo desenvólvese ademais, no marco das convocatorias de subvencións realizadas anualmente pola Consellería de Política Social e dirixidas a sufragar gastos das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para esta prestación no marco da Rede galega de atención temperá.

Ao anterior hai que engadir que desde Curtis se presta este servizo a outros catro concellos, como son: Aranga, Boimorto, Coirós e Sobrado, para o que se ten asinado o correspondente convenio de colaboración coas encomendas de xestión correspondentes.

A necesidade dun novo contrato responde aos cambios que se producen coa nova subvención en aras de dar cobertura aos servizos ofertados.

2. INSUFICIENCIA DE MEDIOS PROPIOS PARA PRESTAR O SERVIZO

Tendo en conta que esta entidade local non conta con persoal propio e especializado para a prestación deste servizo, é preciso acudir a un contrato de servizos que garanta o seu desenvolvemento con suxección á normativa aplicable neste ámbito.

3. XUSTIFICACIÓN DE NON DIVISIÓN DO CONTRATO EN LOTES

Vista a natureza das prestacións este contrato a separación por lotes da licitación do servizo resulta inviable xa que a súa prestación conxunta é o que permite garantir a integralidade das atencións prestadas, así como o correcto funcionamento do equipo de traballo, que debe actuar baixo premisas de interdisciplinidade e en estreita coordinación con outros servizos tanto municipais como educativos e sanitarios.

4. ELECCIÓN DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN.

O procedemento elixido para este contrato é o aberto, suxeito a regulación harmonizada, fixándose como criterios de adxudicación a avaliación dun programa de traballo, así como o prezo, xa que a aplicación dos mesmos permitirá a selección da empresa máis adecuada para a prestación deste servizo coas debidas garantías.

5. CONCLUSIÓNS

Por todo o anterior, faise preciso proceder ao inicio do procedemento de licitación do servizo de atención temperá no Concello de Curtis. Publicar a presente providencia no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos nos artigos 63.3 e 116.1 da LCSP.

Documento asinado dixitalmente na data que consta á marxe.

O alcalde

Javier Fco. Caínzos Vázquez

ANEXO

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ O CONTRATO DE SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO CONCELLO DE CURTIS QUE SE ADXUDICARÁ POR PROCEDEMENTO ABERTO E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.

Cláusula 1. Réxime xurídico.

O presente contrato ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP). As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no seu correspondente de prescricións técnicas particulares.

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexerá pola LCSP, polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior. A aplicación destas normas levará a cabo en relación con todo o que non resulte afectado pola disposición derogatoria da LCSP.

En todo caso, as normas legais e regulamentarias citadas anteriormente serán de aplicación en todo o que non se opoña á LCSP.

Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

Cláusula 2. Órgano de contratación.

De conformidade co artigo 61 LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersonais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de celebrar contratos no seu nome.

Sen prexuízo do anterior, os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia, con cumprimento das normas e formalidades aplicables á delegación ou desconcentración de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos.

Para o presente contrato o órgano de contratación é a Alcaldía.

Cláusula 3. Responsable do contrato.

A persoa responsable do contrato será designado polo órgano de contratación coa adxudicación do contrato, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, e será quen supervise a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación atribúalle.

Ademais, son funcións da persoa responsable do contrato:

- 1 Interpretar o Prego de Prescricións Técnicas e demais condicións técnicas establecidas no contrato ou en disposicións oficiais.
- 2 Esixir a existencia dos medios e organización necesarios para a prestación dos servizos en cada unha das súas fases.
- 3 Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.
- 4 Propor as modificacións que conveña introducir para o bo desenvolvemento dos servizos.
- 5 Expedir, no seu caso, as certificacións parciais correspondentes aos servizos realizados segundo os prazos de execución e abono que se acordaron.
- 6 Tramitar cantas incidencias xurdan durante o desenvolvemento dos servizos.
- 7 Convocar cantas reunións estime pertinentes para o bo desenvolvemento dos servizos e a súa supervisión, á que estará obrigada a asistir a representación da empresa adjudicataria, asistida daqueles facultativos/as, técnicos/as, letrados/as ou especialistas desta que teñan algunha intervención na execución do servizo.

Cláusula 4. Obxecto e necesidade do contrato.

O obxecto do presente contrato é a prestación do Servizo de Atención Tempera (SAT) no Concello de Curtis e que comprenderá as atencións de psicoloxía, logopedia, fisioterapia no marco da “Rede Galega de Atención Temperá”.

O Decreto 183/2013, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, define este servizo como o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Indicando, que dende os servizos de atención temperá se ofrecerá unha intervención biopsicosocial que favoreza a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia e familiar e da inclusión social.

Código CPV: 85312400 Servizos de benestar social non prestados por institucións residenciais
85311300-5 Servizos de benestar social proporcionados a nenos e mozos

De conformidade co artigo 99.3 LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

No presente contrato, a separación por lotes da licitación do servizo resulta inviable xa que a súa prestación conxunta é o que permite garantir a integridade das atencións prestadas, así como o correcto funcionamento do equipo de traballo, que debe actuar baixo premisas de interdisciplinidade e en estreita coordinación con outros servizos tanto municipais como educativos e sanitarios.

Cláusula 5. Valor estimado, orzamento base de licitación e prezo do contrato.

O valor estimado do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 LCSP, ascende á 779.843,70 €.

O orzamento base de licitación, referido a un ano será de 155.968,74 €. Se ben este considerárase como o prezo máximo, tendo en conta que as facturas mensuais dependerán do número de horas efectivamente prestadas.

Sistema de determinación de prezos: para a determinación do tivéronse en conta os seguintes conceptos:

CONCEPTOS	ANUAL	MENSUAL
PERSOAL	115.532,40 €	
OUTROS CUSTOS DIRECTOS E CUSTOS INDIRECTOS (35%)	40.436,34 €	

TOTAL DE GASTOS	155.968,74€	12.997,40 €
-----------------	-------------	-------------

E aplicándose os seguintes prezos por hora:

	Prezo/H licitación	Total Horas Ano	Custo Total
Logopedia (Grupo II)	25,03 €	2580 h	64.574,82 €
Fisioterapia (Grupo II)	25,03 €	1720 h	43.049,82 €
Psicoloxía (Grupo I)	28,11 €	1720 h	48.344,04 €
			155.968,74 €

Nas cantidades anteriores non se inclúe IVE, pola exención contemplada no artigo 20.1.3º da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE)

Conforme as esixencias contidas na *Orde de 09/07/2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá*, o prezo da hora dos profesionais equiparables ao grupo I non poderá baixar de 20,82 €, e a dos profesionais equiparables ao grupo II non poderá baixar de 18,54 €, polo que o prezo ofertado deberá ter en conta esta limitación, que de non respectarse será causa de exclusión.

No prezo do contrato consideraranse incluídos os tributos, taxas e canons de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego, como son os gastos financeiros, beneficios, seguro, transportes e desprazamentos e honorarios do persoal ó seu cargo que realice os traballos.

Cláusula 6. Existencia de crédito

Para atender as obrigas económicas que se derivan para o Concello do cumprimento do contrato deberá de consignarse nos orzamentos de cada un dos exercicios orzamentarios aos que se estenda o contrato, crédito suficiente para atender o mesmo, na aplicación orzamentaria 231.22799

A adxudicación e formalización do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

Cláusula 7. Prazo e lugar de execución.

O prazo e execución será dun ano, a contar dende o día seguinte o da sinatura da acta de inicio do servizo.

En todo caso, en relación co prazo de duración dos contratos e de execución da prestación, deberase ter en conta o disposto no artigo 29 LCSP.

O contrato executarase nos Centros de Ocio sitos en Curtis e Teixeiro e ocasionalmente en algunha aula de apoio sita nos centros escolares anexos a estes centros de ocio.

Cláusula 8. Prórroga do contrato.

Sen prexuízo do disposto na cláusula anterior, o contrato poderá prorrogarse de conformidade co disposto no artigo 29 LCSP. Así este contrato poderá prorrogarse anualmente, ata un máximo de catro prórrogas, de 12 meses cada unha delas.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o/a empresario/a, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

A prórroga do contrato establecida no apartado 2 do artigo 29 LCSP non será obrigatoria para o contratista nos casos nos que no contrato déase a causa de resolución establecida no artigo 198.6 LCSP, por terse demorado a Administración no abono do prezo máis de seis meses.

A garantía definitiva constituída inicialmente poderase aplicar ao período de prórroga sen que sexa necesario reaxustar a súa contía, salvo que xunto coa prórroga acórdese a modificación do contrato.

No entanto, de conformidade co artigo 29.4 LCSP, cando ao vencemento dun contrato non se formalizou o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar pola contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publique cunha antelación mínima de tres meses, respecto da data de finalización do contrato orixinario.

Neste caso, en atención á natureza imprevisible desta prórroga, cuxa aplicación non deriva da vontade do órgano de contratación, a mesma non se tomará en consideración para os efectos de fixar o valor estimado, nin será de aplicación a obrigación de preaviso anteriormente referida.

A prórrogas deberanse aprobar con carácter previo á finalización do contrato.

Cláusula 9. Condicións especiais de execución.

Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias e sexan compatibles co dereito comunitario.

Establécense como condicións especiais de execución, as seguintes consideracións:

- Realizar durante a duración do contrato un curso ó persoal da empresa cunha duración mínima de 10 horas sobre primeiros auxilios para bebés e nenos.
- Obriga do contratista de someterse á normativa nacional e da UE en materia de protección de datos (carácter de obriga contractual esencial).
- Obriga de aplicar o convenio colectivo.

Estas condicións especiais de execución será esixida igualmente a todos os subcontratistas que participen na execución do contrato.

Para o caso de incumprimento destas condicións especiais de execución, atenderase ás penalidades indicadas na cláusula 47, ou no caso de ser consideradas obrigas contractuais esenciais estarase os disposto na letra f) do artigo 211 LCSP.

Cláusula 10. Revisión de prezos.

De conformidade co disposto no art. 103 LCSP, o prezo deste contrato non será obxecto de revisión.

Cláusula 11. Aptitude para contratar.

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas nalgunha prohibición de contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, ou se atopen debidamente clasificadas.

En relación ás unións temporais de empresarios, a alteración da súa composición, así como os supostos de modificación durante a licitación estarase ao disposto no artigo 69, apartados 8 e seguintes.

Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará

subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, responsabilícense solidariamente con aquelas da execución do contrato. Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase o contrato, considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

Para os efectos anteriores, a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciu.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa exixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato, conforme á normativa aplicable ao servizo de atención temperá, así como as ordes que regulen as achegas para a prestación deste servizo no marco da Rede Galega de Atención Temperá.

En relación coas empresas comunitarias ou de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e empresas non comunitarias, será de aplicación o disposto nos artigos 67 e 68 LCSP.

Cláusula 12. Clasificación e solvencia.

De conformidade co artigo 74 LCSP, para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación.

Acreditarase conforme ao seguinte:

Solvencia económica e financeira: Artigo 87 apartado 1 a) LCSP e artigo 11.4 a) RD 1098/2001: Requisitos mínimos de solvencia e acreditación documental:

- Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas.

O volume anual de negocios deberá ser igual ou superior ao 50% do valor anual estimado do contrato.

Deberá acreditarse mediante a presentación das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

No presente contrato, o volume anual de negocios deberá ser alomenos de 77.984,37 €.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do nel reflexado e salvo proba en contra, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

Solvencia técnica ou profesional: Artigo 90 apartado 1 a) e 11.4 b) RD 1098/2001: Requisitos mínimos de solvencia e acreditación documental:

- Relación dos principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato de, como máximo os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario público ou privado dos mesmos.

Deberá acreditarse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañado dos

documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación.

O importe anual acumulado no ano de maior execución deberá ser igual ou superior ao 50% do valor anual estimado do contrato.

Na presente licitación o importe acumulado no ano de maior execución deberá ser igual ou superior a 77.984,37 €.

Cláusula 13. Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para realizar un contrato determinado, as empresas poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, as empresas que concorran agrupadas nas unións temporais a que se refire o artigo 69 LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Por tanto, os licitadores poderán acreditar os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional conforme á cláusula anterior, baseándose na solvencia e medios doutras entidades.

A falta ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

De conformidade co artigo 75.1 LCSP, con respecto aos criterios relativos aos títulos de estudos e profesionais que se indican no artigo 90.1 e) ou á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van prestar os servizos para os cales son necesarias as ditas capacidades.

Cláusula 14. Concreción das condicións de solvencia.

Nos contratos de servizos, poderá esixirse ás persoas xurídicas que especifiquen os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación, de conformidade co artigo 76.1 LCSP.

Así mesmo, en virtude do apartado 2 do artigo 76 LCSP, os órganos de contratación poderán esixir aos licitadores que, ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, comprométanse a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso. Estes compromisos teñen o carácter de obrigacións contractuais esenciais para os efectos previstos no artigo 211, ou establecer penalidades, conforme ao sinalado no artigo 192.2 para o caso de que se incumpran polo adxudicatario.

Cláusula 15. Procedemento.

De conformidade co disposto no artigo 131 LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, e levarase a cabo atendendo aos criterios sinalados na cláusula 17, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 146 LCSP.

Cláusula 16. Publicidade.

O procedemento aberto ao que se refire este prego publicitarase mediante anuncio no perfil do contratante integrado na Plataforma de Contratación do Estado segundo o establecido nos artigos 63 e 156 do LCSP.

Así mesmo, ao estar suxeito este contrato a regulación harmonizada publicarase o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), conforme ao artigo 135 LCSP, debendo quedar constancia da data de envío do devandito anuncio.

Os interesados no procedemento de licitación poderán solicitar información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria cunha antelación de 10 días antes da finalización do prazo de presentación das proposicións.

Cláusula 17. Criterios de adxudicación.

A adxudicación do contrato realizarase a aquela oferta que obteña a maior puntuación conforme aos criterios seguintes:

1.- Criterios que dependen dun xuízo de valor (criterios non valorables en cifras ou porcentaxes incluídos no sobre B): ata un máximo de 49 puntos.

Valorarase o proxecto técnico de acordo co Anexo I do Prego de prescricións técnicas, desglosados do seguinte xeito:

- 1.1- Contextualización: 6 puntos
- 1.2.- Metodoloxía de funcionamento do servizo: 24 puntos
- 1.3.- Recursos persoais: 12 puntos
- 1.4.- Evaluación do servizo: 7 puntos

Para realizar a valoración, serán tidos en conta o contido e a descrición de cada un dos puntos a tratar, así como a súa claridade expositiva e coherencia co conxunto do proxecto.

Puntuarase o grao de claridade da descrición do proxecto, profundidade e profesionalidade no servizo, os procesos organizativos e de xestión e avaliación da calidade da prestación do servizo.

O documento do proxecto deberá estar paxinado e contar con un índice no seu inicio.

A extensión máxima do proxecto será de 20 páxinas presentadas con letra Arial do número 11 ou similar e interliñado de 1,5. Toda a información que exceda do número de páxinas permitidas non será valorada polo órgano correspondente.

As empresas licitadoras que non acaden unha puntuación mínima de 24.5 puntos neste apartado non continuarán no proceso de licitación, quedando excluídas da fase II do procedemento.

2.- Criterios avaliáveis de forma automática (criterios valorables en cifras ou porcentaxes incluídos no sobre C): ata un máximo de 51 puntos:

Valorarase o mellor prezo ofertado. A puntuación outorgarase de acordo coa seguinte fórmula:

$$P = 51 * (1 - 0,75^{Bi})$$

Onde:

P = Puntuación a outorgar á oferta que se valora

Bi = Porcentaxe (%) de baixa da oferta que se valora

Para o cálculo utilizaranse números de dous decimais, aplicando os redondeos que procedan por exceso ou por defecto.

Cláusula 18. Ofertas anormalmente baixas.

Considerarase anormalmente baixa a oferta cuxo prezo estea por baixo do 10 % do prezo de licitación.

Documentación a achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.

Para ese efecto, requirirase ao licitador mediante comunicación electrónica para que, no prazo máximo de cinco días hábiles desde o envío da correspondente comunicación, xustifique a súa oferta mediante calquera das formas descritas no art. 149.4, isto é, no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación ou a posible obtención dunha axuda pública.

Se o órgano de Contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes mencionados no apartado anterior, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíraa da clasificación, e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde en que fosen clasificadas conforme ao sinalado no apartado 1 do

artigo 150 LCSP.

En xeral, rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipótese ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

Cláusula 19. Garantías provisional e definitiva.

Non se esixe garantía provisional.

O licitador que presente a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva (art. 107 LCSP). A súa contía será igual ao 5 por 100 do importe do prezo final ofertado referido a seis meses e a xornadas de traballo completas. A constitución desta garantía deberá ser acreditada no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento do artigo 150.2 LCSP.

En todo caso, a garantía definitiva responderá os conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de devanditos conceptos inclúese o incumprimento por parte do contratista da obrigaçión de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I de a LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 LCSP.

Cláusula 20. Devolución e cancelación da garantía definitiva.

Unha vez rematado o prazo de execución do contrato, se non resultasen responsabilidades que teñan que exercitarse sobre a garantía definitiva e transcorrido o prazo de tres meses dende dita terminación, ditarase acordo de devolución daquela.

Cláusula 21. Presentación de proposicións. Lugar e prazo

De conformidade co artigo 135 LCSP, o anuncio de licitación publicarase no perfil do contratante do Concello de Curtis, ubicado na Plataforma de Contratación do Estado (PLCSP).

As proposicións presentaranse na forma, prazo e lugar indicados no anuncio de licitación, (art. 139 LCSP), sen que se admitan aquelas proposicións que non se presenten na forma, prazos e lugar indicado. As proposicións se presentarán con carácter exclusivo e excluínse de forma electrónica na Plataforma de contratación do Sector Público, dentro do prazo de TRINTA E CINCO días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no DOUE e no perfil do contratante do órgano de contratación, ao estar este contrato suxeito a regulación harmonizada.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen excepción ou reserva ningunha.

Cláusula 22. Forma e contido das proposicións.

As proposicións deberán presentarse en tres sobres: sobre A que conterá a “declaración responsable e documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos”, sobre B que incluírá a “documentación referente a criterios non valorables en cifras ou porcentaxes” e, finalmente, o sobre C recollerá a “documentación relativa aos criterios valorables en cifras ou porcentaxes”.

En cada un dos arquivos ou sobres electrónicos, os licitadores poderán incluír unha declaración na que se indiquen qué documentos administrativos e técnicos e datos contidos neles son, ao seu parecer, constitutivos de ser confidenciais. Esta circunstancia deberá ademais reflexarse claramente (na marxe ou de calquera outra forma) no propio documento sinalado como tal.

Os sobres divídense da seguinte forma:

A) SOBRE A "DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS"

Dentro do sobre de "Documentación acreditativa do cumprimento de requisitos previos", os/as licitadores/as deberán incluír:

1.- Declaración responsable de conformidade co disposto no artigo 140 LCSP, cuxo modelo consiste no documento europeo único de contratación (DEUC), aprobado a través do Regulamento (UE) nº 2016/7, de 5 de xaneiro (<https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd>), que deberá estar asinada e coa correspondente identificación.

2.- Declaración complementaria ao DEUC, que figura como Anexo I do presente prego.

De conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o órgano de contratación poderá facer uso das facultades de comprobación que teña atribuídas en relación co cumprimento das citadas obrigas.

3.- Integración da solvencia con medios externos.

Cando se recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 LCSP, cada unha delas deberán presentar a declaración responsable debidamente cumprimentada e asinada, cuxo modelo consiste no documento europeo único de contratación (DEUC), aprobado a través do Regulamento (UE) nº. 2016/7, de 5 de xaneiro (<https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd>). Ademais deberán presentar a seguinte documentación: Declaración responsable conforme ao modelo do Anexo III.

4.- Unións Temporais de Empresarios/as.

En todos os supostos en que varias empresas concorran agrupados nunha unión temporal, cada empresa participante achegará a declaración responsable do apartado 1 desta cláusula.

Adicionalmente á declaración achegarase o compromiso de constituír a unión temporal por parte das empresas que sexan parte da mesma, de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 LCSP, cunha duración que será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

No escrito de compromiso indícaranse: os nomes e circunstancias dos que a constituán; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios/as do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

Respecto da determinación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional da unión temporal e para os seus efectos, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

Para os efectos de valorar e apreciar a concorrencia da clasificación, respecto dos/as empresarios/as que concorran agrupados atenderase, na forma que regulamentariamente se determinen, ás características acumuladas de cada un deles, expresadas nas súas respectivas clasificacións. En todo caso, será necesario para proceder a esta acumulación que todas as empresas obteñan previamente a clasificación como empresa de servizos, sen prexuízo do establecido para as empresas non españois de estados membros da Unión Europea e de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

O réxime de acumulación das clasificacións será o establecido de forma regulamentaria.

Para os casos nos que, achegándose clasificación, concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun estado membro da Unión Europea nin dun estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros/as que sexan nacionais dun estado membro da Unión Europea ou dun estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os/as que pertencen aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

No caso de que o contrato se adxudicase a unha unión temporal de empresarios/as, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o NIF asignado á devandita unión, unha vez efectuada a adxudicación do contrato ao seu favor. En todo caso, a duración da unión será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

5.- Concreción das condicións de solvencia.

No caso de que, de conformidade co disposto no artigo 76.2 LCSP, se establecera no presente prego, a esixencia do compromiso de adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais, deberase achegar devandito compromiso.

No suposto de que, de conformidade co disposto no artigo 76.1 LCSP, se establecera no presente prego, que se especifiquen os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación, deberase achegar a dita documentación.

6.- Empresas vinculadas.

Unicamente, as empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición, conforme co Anexo I do presente prego.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio, respecto dos socios que a integran.

7.- Dirección de correo electrónico.

Designación dunha dirección de correo electrónico na que efectuar as notificacións, que deberá ser “habilitada”, de conformidade co disposto na Disposición adicional décimo quinta, para o que se utilizará o Anexo I, salvo que a mesma sexa a que figure no DEUC.

B) SOBRE B "CRITERIOS NON VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES" Neste sobre incluírase a documentación que deba ser valorada conforme aos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor, isto é o proxecto técnico ao que se refire a cláusula 17.

C) SOBRE C "CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES"

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. A determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista levarase a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores, aos maiores gastos que ocasione á Administración.

Para a aplicación das causas de resolución remitirase ao disposto no artigo 212 LCSP e para os seus efectos ao disposto nos artigos 213 e 313 LCSP, así como no seu caso, ao disposto no desenvolvemento regulamentario.

Cláusula 45. Realización dos servizos

O contratista deberá realizar o obxecto do contrato conforme ao previsto no prego de prescricións técnicas.

No caso de que estimase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, o responsable do contrato dará por escrito ao contratista as instrucións precisas e detalladas co fin de remediar as faltas ou defectos observados, facendo constar no devandito escrito o prazo que para iso fixe e as observacións que estime oportunas.

Se existise reclamación por parte do contratista respecto das observacións formuladas polo responsable do contrato, este elevaraa, co seu informe, ao órgano de contratación, que resolverá sobre o particular.

Se o contratista non reclamase por escrito respecto das observacións do responsable do contrato, entenderase que se atopa conforme coas mesmas e obrigado a corrixir ou remediar os defectos observados.

Cláusula 46. Prazo de garantía

O prazo de garantía será de tres meses, que comezarán a contar dende a finalización do contrato.

Durante o devandito prazo, a garantía definitiva responderá aos conceptos sinalados no artigo 110 LCSP, que resulten de aplicación.

Terminado o prazo de garantía, emitirase informe de conformidade respecto da súa devolución asinado polo responsable do contrato, acordarase a súa devolución e o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

Cláusula 47. Penalidades.

47.1. Penalidades por demora:

Cando o contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrera en demora respecto ao cumprimento da prestación do servizo, o Concello poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades de acordo co disposto no art. 193 da LCSP.

A Administración terá as facultades a que se refire o art. 193 da LCSP respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais.

47.2.- Por incumprimento das condicións especiais de execución:

Dará lugar á imposición de penalidades o incumprimento polo contratista das condicións especiais de execución contempladas na cláusula 9 do presente prego.

Como regra xeral, a súa contía será un 2% do importe de adxudicación do contrato, agás que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

O incumprimento ou o retraso reiterado no pago dos salarios ou a aplicación de condicións salariais inferiores ás derivadas dos convenios colectivos considerárase incumprimento grave ou moi grave en función do número de persoas afectadas polo incumprimento e/ou o número de ocasións en que este tivera lugar: de unha a dúas persoas/ocasións será considerado incumprimento grave, tres persoas/ocasións ou máis considerárase incumprimento moi grave.

47.3.- Por incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso:

Imporanse penalidades ó contratista no caso de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato.

Como regra xeral, a súa contía será un 2% do importe de adxudicación do contrato, agás que motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10% respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

Nos supostos de imposición de penalidades por incumprimento parcial, cumprimento defectuoso ou demora na execución, no caso de que a penalidade imposta non cubra os danos causados ó Concello, este esixirá ó contratista a correspondente indemnización de danos e prexuízos.

47.3.- Por infracción das normas que regulan a subcontratación imporanse penalidades de ata o 50% do importe do contrato.

Cláusula 48. Prerrogativas e facultades da Administración.

Dentro dos límites e con suxección aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Igualmente, o órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP para cada tipo de contrato. En ningún caso as ditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación por inspeccionar nas instalacións, oficinas e demais emplacementsos nos que o contratista

desenvolva as súas actividades, salvo que tales emprazamentos e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato, extremos que deberán quedar xustificadas de forma expresa e detallada no expediente administrativo.

Os procedementos para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas anteriormente, instruiranse de conformidade co disposto no artigo 191 LCSP.

Os acordos que adopte o órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Cláusula 49. Recursos

Nos supostos previstos no artigo 44 da LCSP, procederá con carácter potestativo á interposición do recurso administrativo especial en materia de contratación previo ao contencioso-administrativo, no prazo de 15 días hábiles, nos termos previstos no artigo 50 da LCSP. O órgano competente para coñecer do recurso será o Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia.

Contra as actuacións susceptibles de ser impugnadas mediante recurso especial, non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos das administracións públicas que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 44 LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; así como na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

ANEXO I DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC (a incluir en Sobre A)

D./D^a., con DNI número actuando en
nome (propio) ou en representación de (da empresa que representa)
....., con N.I.F. e domicilio fiscal na
rúa número, co obxecto de participar na contratación denominada
.....

DECLARA baixo a súa responsabilidade:

- Que a empresa á que representa atópase si/non inscrita no Rexistro de Licitadores denominado e que as circunstancias da entidade que no mesmo figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación indicadas son exactas e non experimentaron variación.
- Que a empresa conta coa habilitación profesional esixida no cadro de características do contrato e está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia ou equivalente doutra Comunidade Autónoma.
- Que a empresa á que representa, se compromete, en caso de resultar adxudicataria, a adscribir á execución do contrato os medios persoais que se indican na cláusula 5.1 do PPT.
- Que a empresa á que representa, cumpre coas disposicións vixentes en materia laboral e social.
- Que sinala como enderezo postal, número de teléfono e fax, o que se indica a continuación:.....
- O enderezo de correo electrónico, a efectos de notificacións electrónicas é
- (Para empresas estranxeiras) Que declara someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia expresa ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador.
- Que se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social autorizando ao Concello de Curtis a obter, no seu caso, certificación acreditativa.

- (Alternativamente, marcar o que proceda):

Que a esta licitación NON concorre ningunha outra empresa do grupo empresarial ao que pertence a que represento.

Que a esta licitación presentarán ofertas as seguintes empresas integradas no mesmo grupo empresarial do que forma parte a que represento e que é/son a/s seguinte/s:

- Que a empresa ten previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados aos mesmos:

a. Non

b. SI. (Indicar nome ou perfil profesional dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización).

Data e sinatura

ANEXO II MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E ASPECTOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE (a incluir no Sobre C)

D./D^a., con DNI número actuando en nome (propio) ou en representación de (da empresa que representa), con N.I.F. e domicilio fiscal na rúa número, co obxecto de participar na contratación denominada, manifesta:

1.- Que coñece e acepta cantas obrigas se derivan dos pregos de cláusulas administrativas e dos pregos de prescricións técnicas.

2.- Que se compromete a executar a prestación obxecto de licitación, con estrita suxeición aos requisitos e condicións esixidas, e de acordo coas condicións ofertadas a continuación:

PROFESIONAL	PREZO OFERTADO POR HORA
PSICOLOXÍA	
LOGOPEDIA	
FISIOTERAPIA	
TOTAL	

Todo iso de acordo co establecido nos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares que serven de base á convocatoria, cuxo contido declara coñecer e acepta plenamente.

Data e sinatura do/a licitador/a.

ANEXO III. MODELO DE COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS (a incluir no Sobre A)

D./D^a., con DNI número.....en nome e representación da entidade, con N.I.F

co obxecto de participar na contratación denominada..... e

D./D^a., con DNI número.....en nome e representación da, con N.I.F.

Comunican e comprométense, de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a:

- Que a solvencia ou medios que pon a disposición a entidade..... a favor da entidade son os seguintes:

-
-

-Que durante toda a execución do contrato disporán efectivamente da solvencia ou medios que se describen neste compromiso.

- Que a disposición efectiva da solvencia ou medios descritos non está sometida a condición ou limitación algunha.

Data, sinatura do/a licitador/a e sinatura da outra entidade

Notas:

1 Se se recorre á solvencia ou medios de varias entidades deberase cumprimentar unha declaración conforme ao modelo, por cada unha das entidades que pon a disposición do/a licitador/a a súa solvencia ou medios.

2 Deberase indicar a solvencia ou medios concretos.

ANEXO IV. RELACIÓN DE PERSOAL QUE ACTUALMENTE PRESTA SERVIZO

CATEGORÍA	TIPO CONTRATO E CATEGORÍA	HORAS SEMANAIS	ANTIGÜIDADE	SALARIO	SEGURIDADE SOCIAL
Logopeda	100 Grupo II	38 h/semana	01/08/2022	19.318,32	6,178,08 €
Terapeuta Ocupacional	189 Grupo I	38 h/semana	01/08/2020	27.423,24	8.769,96 €
Psicóloga	100 Grupo I	38 h/semana	11/01/2022	25.418,76	8.129,04 €

PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ NO CONCELLO DE CURTIS

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a prestación do **Servizo de Atención Temperá (SAT)** posto en marcha inicialmente no Concello de Curtis, no ano 2021, no marco das convocatorias de subvencións realizadas anualmente pola Consellería de Política Social e dirixidas a sufragar gastos das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá.

Finalmente asínase o convenio de colaboración para a prestación de dito servizo cos concellos de Aranga,

Boimorto, Coirós e Sobrado. O Concello de Curtis, actúa como representante da agrupación dos concellos participantes, e ademais de coordinar dito servizo representa á agrupación na solicitude e xustificación da subvención a entidades locais para a prestación de servizos no marco da Rede Galega de atención temperá, cofinanciada polo programa operativo FSE+ Galicia 2021-2027.

Dito convenio establécese tendo en conta o principio xeral de colaboración interadministrativa, sen que este feito supoña para o concello de Curtis a cesión da titularidade, da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Este convenio abrangue a posibilidade de contratación por un dos concellos, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 116.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, no que se regula o financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que se tramitará un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adxudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse a orde do seu pagamento.

2.- CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ

O *Decreto 183/2013, polo que se crea a Rede galega de atención temperá* define este servizo como o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno, e que ten por obxectivo dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social. Dende os servizos de atención temperá ofrecerase unha intervención biopsicosocial que favoreza a adquisición ou a recuperación de funcións e de habilidades persoais e sociais para a mellora da autonomía, da convivencia e familiar e da inclusión social.

Así mesmo, a norma concreta que se entende por trastorno do desenvolvemento aquelas situacións en que, como consecuencia dunha alteración das estruturas ou funcións corporais, restricións na participación social ou calquera outro factor contextual, se produce un atraso ou desviación significativos no desenvolvemento das capacidades, adquisicións e recursos persoais típicos para a idade de referencia. De outra banda, entenderase por situación de risco de padecer un trastorno no desenvolvemento aquelas circunstancias de vulnerabilidade evolutiva que requiren intervención pola descompensación negativa entre factores de risco e protección.

Os principios reitores da Rede galega de atención temperá son os seguintes:

- a Universalidade: acceso ao servizo de todas as persoas que reúnan os requisitos e condicións establecidas.
- b Igualdade: ausencia de calquera discriminación no acceso ao servizo.
- c Responsabilidade pública: inserción dos servizos nos sistemas sanitario, de servizos sociais e educativo, garantidos polo sector público autonómico de Galicia.
- d Descentralización e proximidade: achegamento eficiente do servizo ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social, entendendo os servizos sociais comunitarios como o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais.
- e Coordinación: o sistema sanitario, o sistema educativo e os servizos sociais están directamente

implicados na protección de menores e deben establecer mecanismos de coordinación eficaces para optimizar os recursos humanos e económicos, evitando en todo momento a fragmentación que poida darse como consecuencia da intervención de múltiples axentes, entidades ou profesionais, así como garantir a continuidade do proceso: a detección, derivación, seguimento e/ou intervención como obxectivos centrais na coordinación na protección dos/as menores de 6 anos.

f Integración social: garantir o dereito das persoas a participar en todos os ámbitos da sociedade recibindo o apoio que necesitan no marco das estruturas comúns de educación, saúde, lecer e cultura, e servizos sociais, recoñecéndolles os mesmos dereitos que ao resto da poboación.

g Interese superior do/a menor.

h Prevención: co obxecto de manter a autonomía persoal dos/as menores e adiar o posible agravamento dos trastornos no desenvolvemento que os afecten ou exista risco de que os poidan afectar.

i Gratuidade: como principio inspirador da Rede, estes servizos non estarán suxeitos a contraprestación económica por parte das persoas usuarias.

j Interdisciplinabilidade e alta cualificación profesional.

k Diálogo e participación familiar.

l Calidade.

3.- PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO

A empresa adjudicataria asume a prestación do servizo de atención temperá dos Concellos de Curtis, Aranga Boimorto, Coirós e Sobrado, os cales asinaron convenio de colaboración para a xestión compartida do Servizo de Atención Temperá.

De acordo co establecido no *Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais, para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo*, os servizos de atención temperá deberán comprender as prestacións de:

1º. Diagnose e valoración dos trastornos de desenvolvemento dos/das nenos/as.

2º. Desenvolvemento psicomotor.

3º. Desenvolvemento cognitivo.

4º. Desenvolvemento da linguaxe e comunicación.

5º. Desenvolvemento da autonomía.

6º. Desenvolvemento da área social e afectiva.

7º. Apoio, información, habilitación e formación da familia.

3.1 Xestión xeral do servizo

Respecto da xestión xeral a empresa adjudicataria realizará as seguintes funcións:

1.a Organizar, desenvolver e avaliar o SAT.

1.b Coordinación cos servizos sociais comunitarios municipais.

1.c Realizar avaliacións xerais do servizo e propor medidas de mellora, realizando e colaborando, de ser o caso, na elaboración de estudos, memorias ou proxectos.

1.d Colaborar nos procesos de solicitude e xustificación de subvencións que procedan, achegando toda a información e documentación necesaria.

1.e Proporcionar formación continuada as persoas do equipo.

1.f Organización e xestión do equipo profesional

A empresa deberá axustar a súa actuación ao establecido na *Orde do 27 de xuño de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nos anos 2024 a 2026, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan (código de procedemento BS700A)*, e seguintes convocatorias, con especial atención ás obrigas de publicidade, protección de datos e requisitos de xustificación, e empregando a aplicación informática e protocolos técnicos que se establezan por parte da Xunta de Galicia.

3.2 Xestión de caso

Respecto da atención de cada un dos casos incorporados ao SAT a empresa adjudicataria realizará as seguintes funcións principais:

2.a Atención de consultas previas sobre casos que poidan ser obxecto de atención no servizo.

2.b Acollida, valoración de casos, formulación de plan de traballo, execución do plan, avaliación da evolución e da posible alta.

2.c Acompañamento á familia e remisión a outros recursos de interese.

2.d Rexistro de casos conforme ao sistema vixente en cada momento.

2.e Coordinación con profesionais implicados na atención das persoas atendidas. En particular co persoal dos servizos sociais municipais de referencia.

2.f Asignación da persoa coordinadora de caso entre as que conforman o equipo de atención temperá.

2.g Emisión de informes de caso cando sexa preciso e no momento da alta.

2.h Sensibilización do contorno e difusión da labor realizada polo SAT.

2.i Planificación de programas comunitarios para promover a prevención e a estimulación.

2.j Organización de celebracións relacionadas ca sensibilización e saídas que promovan a integración social das persoas con discapacidade.

2.k Calquera outra que supoña unha mellora na calidade de vida das familias usuarias e que estea dentro das normas establecidas no Decreto 183/2013 de 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de Atención Temperá.

4.- ÁMBITO TERRITORIAL E TEMPORAL DA PRESTACIÓN DO SAT

4.1. Titularidade do Servizo

O concello de Curtis, con independencia das obrigas consignadas neste prego, conservará a titularidade do servizo que é obxecto do contrato.

Porén, todos os logotipos, material impreso que se utilice no servizo fará referencia aos Concellos de Curtis, Aranga, Boimorto, Coirós e Sobrado, ademais dos que determine a Consellería de Política Social.

4.2 Ámbito territorial

A atención á poboación infantil e ás súas familias realizarase, en instalacións debidamente acondicionadas para tal fin, nun local habilitado polo Concello de Curtis que garantirá a prestación do servizo para ~~tds~~ os concellos (Curtis, Aranga, Boimorto, Coirós e Sobrado).

4.3. Ámbito temporal

- 3.a O servizo prestarase os días e as horas que se indiquen polo representante do contrato, e en función das necesidades do servizo.
- 3.b A unidade permanecerá aberta de mañá e de tarde e no seguinte horario: luns a xoves de 9:30 a 18:30 e venres de 9:30 a 14:30 h
- 3.c Dito horario manterase sen perxuízo dos cambios e adaptacións que sexan precisos por causas do servizo ou sempre que se acorde por parte da comisión mixta de xeito xustificado.
- 3.d Nos meses de xullo e agosto, poderán realizarse axustes de horario sen diminuír o número total de horas semanais de servizo.

5.- MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS PARA A PRESTACIÓN DO SAT

5.1 Medios persoais

A empresa contará con un equipo técnico formado por tres profesionais, concretamente un/unha psicólogo/a, un/unha logopeda e un/unha fisioterapeuta, a xornada completa e outro/a logopeda a media xornada.

Todos os membros deberán estar especializados ou ter experiencia en desenvolvemento infantil e atención temperá e/ou en apoio familiar, ou acreditar experiencia suficiente nestas materias para a realización das súas funcións. Acreditarase para cada un dos profesionais presentando a copia da titulación ou contrato correspondente.

Todo o persoal deberá carecer de antecedentes penais por delitos contra a liberdade e indemnidade sexual e contará coa correspondente certificación negativa ao respecto. Para acreditar esta circunstancia, a entidade adxudataria presentará a certificación negativa destes antecedentes penitenciarios antes de que o/a profesional teña contacto cos/as menores. Para estes efectos estarase ao disposto no artigo 9 do RD 1110/2015, de 11 de decembro, polo que se regula o rexistro central de delinquentes sexuais.

Dentro deste equipo nomearase unha persoa responsable que actuará como coordinadora do mesmo e interlocutora coas persoas responsables a nivel municipal.

Máis alá do cumprimento do convenio colectivo do sector (Actualmente o XV Convenio colectivo xeral de centros e servizos de atención a persoas con discapacidade), a empresa adxudataria promoverá a estabilidade no emprego ao longo do período de xestión deste contrato público, a non ser que por causa xustificada non se poida cumprir esta premisa. Neste último caso deberá poñelo en coñecemento desta administración coa xustificación oportuna.

As situacións de altas e baixas de persoal, deberán ser comunicadas de forma inmediata.

A entidade prestadora disporá en todo momento do persoal suficiente para a prestación do servizo, axustándose ao disposto na normativa vixente en cada momento. No estudo dos presentes pregos estableceuse un persoal mínimo necesario.

Deberán contar con persoal de apoio en caso de baixa ou calquera outra circunstancia sobrevida non imputable ao Concello. Calquera destas circunstancias non exime da realización do servizo, polo que cubriranse por calquera dos medios que resulte posible, no mínimo prazo e sempre antes de dez días hábiles, cumprindo con todos os requisitos establecidos ao respecto pola lexislación vixente. O contratista

está obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

No suposto que durante o prazo contractual se produxesen alteracións laborais serán responsabilidade da entidade adxudicataria.

O persoal da empresa adxudicataria en ningún caso poderá considerarse con relación laboral contractual, funcionarial ou de natureza análoga respecto ao Concello de Curtis. Deberá dita empresa ter debidamente informado ao persoal de dito extremo. Á finalización do contrato non se producirá traspaso polo feito de asumir o concello directamente a prestación o servizo.

A empresa deberá acreditar documentalmente a vinculación deste persoal coa prestación da actividade subvencionada, tempo de dedicación, horarios e retribucións. En todo caso, nas facturas emitidas pola entidade prestadora deberán figurar os datos persoais de cada un dos integrantes do equipo de traballo, períodos de desempeño, grupos e perfís profesionais, tipo de vinculación coa entidade, dedicación total ou parcial e número total de horas de traballo de cada técnico.

6.- NORMAS XERAIS DE ACCESO E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO ATENCIÓN TEMPERÁ

- 1.a O acceso ao Servizo de Atención Temperá requirirá da derivación por parte do servizo de pediatría.
- 1.b As entrevistas concertaranse mediante previa cita, a través dun número de teléfono ou correo electrónico do servizo.
- 1.c O horario de atención directa á familia e ao/á neno/a será fixado dentro do horario de funcionamento do servizo e acordarase entre a familia e o equipo profesional, atendendo ás necesidades existentes da familia e aos horarios dispoñibles de cada profesional.
- 1.d As persoas acompañantes da/o menor estarán nos espazos comúns cando a persoa responsable así o indique. Igualmente, participarán das sesións cando resulte adecuado.
- 1.e O mantemento e a frecuencia horaria na atención á/o menor e á familia, estará suxeito á capacidade do servizo e a súa dispoñibilidade horaria.
- 1.f Os cambios ou modificacións no réxime de asistencia ao centro deberán informarse á familia coa máxima antelación.

7.- SISTEMA DE INFORMACIÓN

Na medida do posible facilitarase a información a través dunha rolda de correos electrónicos. Cando se trate de información xenérica de funcionamento do servizo, remitirase a mesma información ao persoal responsable da entidade contratante.

O equipo realizará reunións periódicas coas familias beneficiarias para informar do seu desenvolvemento. Cando se trate de reunións grupais para intercambiar información de xeito global, deberase informar a entidade contratante e poderá participar nas mesmas persoal propio dos concellos conveniados se así se considera oportuno.

8.- CONTROL DO SERVIZO

O servizo obxecto de contrato quedará sometido de forma permanente ao control do responsable do contrato, quen poderá revisar os servizos e traballos prestados pola entidade adxudicataria en todo momento.

O responsable do contrato supervisará:

-O cumprimento por parte do contratista establecido neste prego de prescricións, no prego de prescricións

particulares, na oferta presentada polo adxudicatario e na lexislación aplicable.

-A recepción e análise da información contable e da xestión subministrada polo adxudicatario.

-O axeitado estado e uso das instalacións, así como o control das actuacións e mantemento preventivo e correctivo e reparacións levadas a cabo polo adxudicatario.

-A calidade do servizo mediante revisión de un libro de reclamacións que porá o adxudicatario a disposición das persoas usuarias e que recollerá detalladamente as queixas recibidas e as respostas as mesmas, as cales deberán realizarse dentro dos dez días naturais seguintes a recepción.

-A entidade adxudicataria deberá presentar anualmente ó concello unha memoria na que deberá reflexarse como mínimo a seguinte información:

- N° de nenos/familias atendidas.
- Previsión para o vindeiro ano.
- Horarios establecidos.
- Detalle da plantilla especificando os cometidos de cada profesional.
- Resumo comprensivo do desenvolvemento do programa de atención temperá proposto pola entidade adxudicataria e prantexamento respecto para o ano seguinte.
- Detalle das queixas recibidas das persoas usuarias e as respostas as mesmas.
- Enquisa anual da percepción da calidade do servizo realizada entre as persoas usuarias. O contido da enquisa, será previamente supervisado pola comisión mixta.
- Detalle das accións de mantemento correctivo e preventivo realizadas.

Aos efectos anteriores o contratista deberá levar unha contabilidade específica para as operacións realizadas mediante o programa co fin de facilitarlle á entidade adxudicataria a observación continuada do servizo e presentando anualmente unha memoria económica do servizo.

Adicionalmente ao sinalado no apartado anterior, o concello poderá solicitar do adxudicatario, e este verase obrigado a suministrarlos, cantos datos e informacións se requiran para ter un coñecemento actualizado do servizo e faciliten a adopción das medidas que se estimen pertinentes.

ANEXO I

PROXECTO TÉCNICO DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DOS CONCELLOS DE CURTIS, ARANGA, BOIMORTO, COIRÓS E SOBRADO

Condicións formais

O documento do proxecto deberá estar paxinado e contar con un índice no seu inicio.

A estrutura de contidos seguirá a estrutura que se presenta neste anexo, garantirá a coherencia e claridade expositiva, e procurará facilitar o coñecemento da oferta que se presenta para os Concellos de Curtis, Aranga, Boimorto, Coirós e Sobrado, evitando información irrelevante.

A extensión máxima do proxecto será de 20 páxinas presentadas con letra Arial do número 11 ou similar e interliñado de 1,5. Toda a información que exceda do número de páxinas permitidas non será valorada polo órgano correspondente.

Contidos

1. Contextualización do SAT no sistema de servizos sociais e adecuación á realidade nos Concellos de Curtis, Aranga, Boimorto, Coirós e Sobrado

1.1 Conceptualización do servizo de atención temperá

1.2 Marco normativo de aplicación

1.3 Características sociodemográficas e territoriais dos municipios conveniados: Curtis, Aranga, Boimorto, Coirós e Sobrado

1.4 Repercusións da prestación do servizo de xeito conveniado.

2. Metodoloxía do funcionamento do servizo

2.1 Organización e planificación do traballo

2.2 Coordinación interna e externa

2.3 Soportes documentais

2.4 Aplicación de protocolos

3 Recursos persoais

3.1 Características do equipo profesional: composición, formación e experiencia

3.2 Oferta formativa ao persoal e condicións de acceso

3.3 Xestión de persoal: estabilidade, substitucións, supervisión...

4 Evaluación do servizo

4.1. Método de avaliación e recollida de datos que permita analizar os niveis de satisfacción das familias e posibles melloras no SAT

4.2. Contido e estrutura da memoria anual. Variables cualitativas e cuantitativas. Nivel de análise ofrecido